

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA TRINTA DE ABRIL DE DOUS MIL CATORCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas do día trinta de abril de dous mil catorce, reúnense en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: , Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Benigno Galego Castro Cándido Eusebio Prieto Lago e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Juan José Ramos Prieto como alcalde accidental . Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. Non acudiu o concelleiro Alvaro Garcia Graña e Ana Rodríguez Montero . De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día vinte e oito de febreiro de 2014. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior.

2.- Toma en coñecemento da renuncia do cargo de concelleiro de D. Álvaro Garcia Graña . A secretaria da lectura o escrito presentado o día 23.04.2014 polo concelleiro Álvaro Garcia Graña no que renuncia o seu cargo de concelleiro por razón persoais de xeito que non pode asistir aos plenos. Os membros do Pleno déronse por enterados .

Dilixencia de secretaria pola que se fai constar que o nome do concelleiro é Alvaro Rodriguez Graña , polo que procede enmendar o erro

3.- Sorteo para designar os membros das mesas electorais nas eleccións para o Parlamento Europeo do día 25.05.2014. Realizado o sorteo co programa informático facilitado pola Deputación da Coruña resultaron ser nomeados membros das mesas electorais as seguintes persoas :

DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA A

Presidente: Roberto López Casal

1er. Vocal: Javier López Luaces

2º. Vocal: Ruben Landrove Curras

1º. suplt. presidente: Maria del Pilar Candales Castro

2º. suplt. presidente: Amelia Monserrat Duran Martinez la

1r. suplt. vocal 1º: Argimiro Fernandez Villasuso

2. suplt. vocal 1º: Cristina Paz Loureiro

1er. suplt. vocal 2º: Raquel Garcia Rodríguez

2. suplt. vocal 2º: Luísa López Saavedra

DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA B

Presidente: Gabriel Martinez Canerio

1er. vocal: Maria del Carmen Rivera Martinez

2º. Vocal: Ruben González Piñón

1er. suplt. presidente: Mónica Casal Gómez

2º. suplt. presidente: Ana Vanessa Orjales Mourente

1er. suplt. vocal 1º: Magin López Lamigueiro

2º. suplt. vocal 1º: Clemente Hermida Mouriz

1er. supl. vocal 2º: Vicente Orjales Piñon
2º. supl. vocal 2º: Natalia Mera Carrodegua

DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA C

Presidente: Almudera Mosquera Duran

1er. Vocal: Dario Rivas Hermida

2º. Vocal: Maria del Carmen Rodríguez Breijo

1er. supl. presidente: Maria José Santalla Villar

2º. supl. presidente: José Ruben Gundin Corral

1er. supl. vocal 1º: Maria del Carmen Santalla Garcia

2º. supl. vocal 1º: Isabel Rodríguez Fonticoba

1er. supl. vocal 2º: Ana Belén Graña Aneiros

2º. supl. vocal 2º: Rosa Isabel Gómez Novo

4.- Corrección de erros no acordo do Pleno do dia 28.02.2014 sobre o acordo de cesión de varios tramos de antiga estrada AC 102, AC110 e AC 862.A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía seguinte : Detectado un erro no acordo do Pleno do dia vinte e oito de febreiro de 2014 no que se cedía un tramo da estrada AC 110 dende o pq. 4+930 ata o pq 5+530 e dacordo co establecido no artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo común procede a emenda do erro no seguinte xeito : **Primeiro:** Aceptar a cesión do treito da antiga estrada autonómica AC 110 As Felgasas – Espiñaredo no pq. 4+930 a 5+340. Cerdido, 11 de abril de 2014.A Alcaldesa. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno asistentes aprobaron por maioría a proposta da alcaldía.** Catro votos a favor dos concelleiros Faustino Cebreiro Paz, José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto do alcalde en funcións e tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago e Jairo Orjales Sande,


5.- Proposta para a aprobación do Plan DTC 93 , unha Deputación para todos os Concellos .

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía seguinte: Publicadas as bases do “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña o dia 01.04.2014, esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : **Primeiro** :Participar no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Reparación camiño o Porto – Susloureiros -Pozadauga (A Barqueira)	90.078,00 €	0,00 €	90.078,00 €
T O T A L	90.078,00 €	0,00€	90.078,00 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos. Segundo: Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra. Terceiro:Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. Cuarto : Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Cerdido, 23 de abril de 2014. O alcalde en funcións Juan José Ramos Prieto. Os **membros do Pleno asistentes aprobaron por maioría a proposta da alcaldía**. Catro votos a favor dos concelleiros Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto do alcalde en funcións e tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago e Jairo Orjales Sande,

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que mirando o proxecto da obra pretendese a canalización de augas pluviais na pista de Susloureiros, pero soamente se contempla nun tramo e pregunta a onde van a augas que se recollen xa que entenden que non poden ser canalizadas a parcelas privadas.

O concelleiro Jairo Orjales Sande pregunta a alcaldía de que tipo de acabado vai a ir a pista de aglomerado en quente ou de asfalto e canto van a medir as cunetas que se van a facer?

O Alcalde accidental explica que a canalización das augas pluviais vaise realizar aproveitando as conexións existentes e que no tramo hai varios cruces, a pista incrementarase en algo mais de 80 centímetros.

6.- Expediente de modificación de crédito 3/2014. A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía seguinte: Vista a relación de gatos que se pretende realizar neste expediente de modificación de créditos 3/2014, xustificado na necesidade de dotar duna aplicación presupostaria para a cubrir gastos non previstos par realizar investimentos sustentables en materia de augas, reparación de camiños e alumeado público. E, unha vez tramitado o expediente administrativo e considerando o disposto no informe da secretaria-interventora e atendendo o disposto nos artigos 177.2 do Texto refundido da lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 así como a súa nova disposición adicional decimosesta o artigo 37 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril os artigos 8 e 9 das bases de execución do actual presuposto municipal. Esta Alcaldía, e a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, propón a adopción do seguinte **ACORDO:Primeiro:** Aprobar a modificación de crédito, suplemento de crédito e crédito extraordinario 3/2014 no vixente presuposto municipal con cargo o remanente de tesourería do ano 2012, segundo seguinte resumo:

Gastos:

Aplicación	Concepto	Importe
Presupostaria		
Suplemento de crédito:		
155.639,00.	Investimento de reposición	40.000,00 €
Crédito extraordinario:		
161.629,00	Outros investimentos novos asociados o funcionamento dos servizos	30,000 €
165.629,00	Outros investimentos novos asociados o	4000,00 €

	funcionamento dos servizos	
Total		74.000,00 €

Ingresos:

Partida	Concepto	Importe
870 100	Remanente de tesoureira para financiar modificacións de crédito	74.000,00 €

Segundo: Proceder a seguir os tramites que establece a lexislación vixente en relación a tramitación deses expedientes, procedendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Os **membros do Pleno asistentes aprobaron por maioría a proposta da alcaldía**. Catro votos a favor dos concelleiros Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto do alcalde en funcións e tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago e Jairo Orjales Sande.

O concelleiro Benigno Galego Castro ponde manifesto que lle parece unha pena que non se aproveitasen estes cartos antes, e que estes investimentos poderíanse ter feito antes.

O concelleiro Jairo Orjales Sande, pregunta a alcaldía si se sabe a que van a estar dirixidos estes investimentos


O alcalde accidental explica que se pretende modificar o presuposto para incorporar os remanentes que en concreto totalmente aínda non se ten decido a que van a ir adicados os cartos e que non sabía que se entraba en déficit.

O concelleiro Cándido Prieto Lago, pregunta si sabe que no momento que se utilízanos remanentes o concello entra en déficit presupostario e solicita que a secretaria -interventora explique o tema e que conste na acta

A secretaria -interventora a petición da alcaldía explica que tras a aprobación da LO 2/2012 de estabilidade presupostaria a utilización de remanentes de crédito supón a entrada teórica en deficit presupostaria. Tras a entrada en vigor da Lei Orgánica 9/2013 que introduce unha Disposición Adicional Sexta na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril. Disposición Adicional Sexta. Regras especiais para o destino do superávit orzamentario e a Real Decreto-Lei 2/2014, de 21 de febreiro, polo que se aproban medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica, cuxa disposición final primeira modifica o texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, no sentido de engadirlle unha nova disposición adicional decimosesta para concretar os requisitos dos “investimentos financeiramente sustentable” fan posible a utilización do remanente de crédito sin que altere a situación de déficit / superávit estrutural segundo a metodoloxía utilizada pola Comisión Europea no marco da normativa de estabilidade presupostaria sempre que se entenda aplicable.

Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

7.- Dar conta dos decretos da Alcaldía .A secretaria lee a relación de decretos seguintes:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Núm.	Data	Descrición
Febreiro 2014		
22	21/02/2014	Acordo de adhesión ao plan de Servizos Sociais Comunitarios da Deputación da Coruña
23	24/02/2014	Aprobación de facturas do nº 40 o nº 74
24	25/02/2014	Acordo da asignación das subvencións nominativas a asociacións e entidades para o 2014
25	25/02/2014	Acordo de solicitude de 3.000 € á Deputación para gastos de socorrismo
26	25/02/2014	Aprobación do expediente de modificación de crédito 1/2014
27	26/02/2014	Aprobación de emerxencia social
28	26/02/2014	Acordo de solicitude dunha axuda para mellora enerxética en Regueirolongo e As Felgasas
29	27/02/2014	Autorización o horario de uso da casa da cultura para clases de preparación para ESO
30	28/02/2014	Acordo de contratación de M ^a Adela Garcia Villadóniga como Aux. de axuda no fogar
Marzo 2014		
31	03/03/2014	Autorización a Comunidade de usuarios de Felgasas a usar a casa da cultura para xunta
32	05/03/2014	Aprobación do gasto para o proxecto de socorrismo acuático
33	07/03/2014	Acordo de aprobación dos marcos presupostarios a medio prazo no que se enmarcará os presupostos das entidades locais no período 2015/2017
34	07/03/2014	Alta no padrón municipal de habitantes en Barbas, 2
35	11/03/2014	Aceptación do desestimento da licenza 2013/U008/000004 de legalización de piscina climatizada e arquivar o expediente porque xa tiña licenza.
36	12/03/2014	Autorización a Comisión de festas dos Casás para realizar unha xuntanza popular
37	12/03/2014	Autorización a particular para usar un local do Castro para gardar as mochilas e os abrigos
38	12/03/2014	Autorización a particular para usar un local do Castro para festa de aniversario infantil
39	13/03/2014	Aprobación dos recibos do servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2014
40	13/03/2014	Acordo de declarar desistida a licenza de obra para facer e colocar balaustrada en Regueirolongo, 28
41	14/03/2014	Acordo de aprobación do expediente de contratación da obra Camiño Cruz Encarnada - Vilarelle
42	17/03/2014	Aceptación das delegacións de funcións da secretaria-interventora en Cesar Yáñez Carballeira do 18 ao 21 de marzo
43	20/03/2014	Aprobación da liquidación do exercicio económico 2013
44	24/03/2014	Convocatoria do XIV Concurso de Contos de Cerdido
45	26/03/2014	Acordo de anulación dun recibo do lixo en Travesas, por erro no padrón
46	27/03/2014	Autorización a Albar Quercus para usar a casa da cultura para unha xunta
47	27/03/2014	Acordo de solicitude a Consellería de Traballo e Benestar da transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos sociais comunitarios
48	28/03/2014	Acordo de aprobación do expediente para incorporación do remanentes existentes no

		presuposto económico de 2013 ao presuposto 2014
49	28/03/2014	Acordo de aprobación do expediente de contratación dos servizos xurídicos para a reclamación de danos nun vehículo municipal
50	28/03/2014	Alta no padrón municipal de habitantes de tres veciños en Cabanas, 3
51	28/03/2014	Aprobación de facturas do nº 75 o nº 138
Abril 2014		
52	01/04/2014	Autorización a UD Cebarca para pechar unha vía municipal ao tráfico rodado e usar a megafonía municipal
53	02/04/2014	Aprobación dos recibos do servizo de axuda no fogar do mes de marzo de 2014
54	03/04/2014	Concesión de licenza de obra 2013/U009/000025 para a colocación de tella nunha bodega en Painceira, 2
55	07/04/2014	Acordo de concesión da prestación de axuda no fogar básica a unha veciña
56	07/04/2014	Acordo de substitución das funcións da alcaldía polo 1º Tenente Alcalde
57	07/04/2014	Autorización a particular para usar un local do Castro para unha xuntanza dunha peña
58	11/04/2014	Acordo de clasificación das ofertas e requirimento ao licitador da obra Camiño Cruz Encarnada a Vilarelle
59	22/04/2014	Autorización a grupo municipal do PsdeG-PSOE para usar a biblioteca para unha xunta
60	23/04/2014	Facer publico o listado de gañadores do concurso contos de Cerdido
61	24/04/2014	Convocatoria pleno ordinario

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita aclaración os seguintes decretos :

Núm. 27 – para que se utilizó a emerxencia social .O alcalde explica que foi para aprobar os gastos derivados dun enterro .


Núm. 28 . o alcalde accidental explica que se solicitou unha subvención para cambiar a luminaria LED , xunto a outros concellos da comarca .

Núm. 49 . o alcalde explica que se vai a contratar os servizos xurídicos para reclamarlle a compañía de seguro que abone a totalidade dos gastos de reparación do vehículo , xa que ofrece unha cantidade moito menor da que se presupostou o amaño do vehículo .

O concelleiro Cándido Prieto Lago solicita aclaración sobre o decreto núm. 58. a alcalde pon de manifesto que se solicitaron ofertas para a realización da obra .

8.- Dar conta da liquidación do presuposto do ano 2013. A secretaria deu lectura o decreto núm. 43/2014 que se copia deseguido:

Tramitado o expediente da liquidación do presuposto municipal de 2013, e tendo en conta os informes redactados pola secretaria-interventora e en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, esta Alcaldía **ACORDA: PRIMEIRO:** Aprobar a **liquidación do exercicio económico de 2013**, de acordo co seguinte detalle de resultados:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio:	193.030,24 €
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	200.218,15 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	3150,53 €
c.- de operacións non presupostarias	7,385,11 €
Cobros realizados pendentes de aplicación(-)	17.723,55 €
2.--Acredores pendentes de pago a fin de exercicio	77.267,40 €
a.-De presuposto corrente	49.552,49 €
b.- De presuposto pechado	0,00 €
c.-Outras operacións non presupostarias	27.714,91 €
d.- pagos pendentes de aplicación	0,00 €
3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio	23.872,81 €
4. Remanente de tesourería total (3+1- 2)	139.635,65 €
5.- Saldo de dubidoso cobro	787,11 €
6.- Exceso de financiamento afectada	0,00 €
Remanente de tesourería para gastos xerais (4 -5-6)	138.848,54 €
1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1.142.596,49 €
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1.080.573,49 €
3. Resultado Presupostario (1 - 2)	62,023,00 €
4. Desviacións positivas de financiamento	14.985,66 €
5. Desviacións negativas de financiamento	0,00 €
6. Gastos financ. con remanente líquido tesourería gastos xerais	0,00€
7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=	47.037,34 €

SEGUNDO: En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira a execución do presuposto do ano 2013, cumpriu o obxectivo de estabilidade presupostaria segundo se desprende do informe da secretaria – interventora e se recollen nos seguintes cadros: Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes liquidados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, sen realizar ningún axuste, é de + 58.149,25 €

Liquidación de ingresos Dereitos recoñecidos netos		Liquidación de gastos Obrigacións recoñecidas netas	
Capitulo 1	169.443,59 €	Capitulo 1	381.637,59
Capitulo 2	4.163,69 €	Capitulo 2	342.908,28
Capitulo 3	91.756,99 €	Capitulo 3	61,19
Capitulo 4	555.577,32 €	Capitulo 4	10.805,39
Capitulo 5	15.356,25 €	Capitulo 5	0,00

Capitulo 6	0,00 €	Capitulo 6	245.359,65
Capitulo 7	202.623,51 €	Capitulo 7	0,00
TOTAL	1.038.921,35€	TOTAL	980.772,10 €

A variación dos pasivos financeiros foi nula, o concello carece de préstamos pendentes de amortizar e non se endebedou .O saldo non financeiro unha vez aplicado os axustes establecidas no manual do IGAE e recollidos no informe da secretaria -interventora arroxa o seguinte resultado positivo


Dereitos recoñecidos netos (SEC 95) cos axustes	1.054.777,80 €
Obrigación recoñecidas netas	980.772,10 €
Diferencia	+74.005,70 €

TERCEIRO:O artigo 12 da LOEPSF esixe ás Entidades Locais que a variación de gasto non computable supere a taxa de referencia do crecemento do PIB, que foi fixada para o exercicio 2013 no 1,7 %.Da redacción literal da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de información previstas na LOEPSF dedúcese a obrigación de comprobar, coa liquidación do Orzamento, o cumprimento do obxectivo da Regra de Gasto. Obviamente esta análise realízase por primeira vez coa Liquidación de 2013 e manteranse no resto de exercicios económicos. Dos datos que recollidos na táboa seguinte ponse de manifesto o **incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2013** polo que deberá formular no prazo dun mes un Plan Económico Financeiro segundo o disposto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012. Este Plan deberá ser aprobado polo Pleno do Concello

Concepto	Liquidación 2012. OR	Taxa de referencia	de	Aumentos / diminución recadación	Limite regra de gasto	Liquidación 2013 OR
Suma capitulo 1 a 7	981.772,10		1,70			1.080.573,49
(+) axustes por grado de execución	1.079,95					1188,63
(-)Gasto financiado con gastos finalista de outras admin. *	429.485,11					490.006,93
	CA: 89464,80					CA.113.628,35
	Diput. 340,020,31					Diput. 376.378,58
(+) Aumentos						
	553.366,94		562.774,18		562.774,18	591.755,19

CUARTO : Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitiran copias deste expediente á Comunidade autónoma e a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e facenda.

O Concelleiro Cándido Prieto Lago afirma que será necesario aprobar un Plan Económicos Financiero en el prazo dun mes e que a lei establece a necesidade de reducir competencias o incrementar os imposto e que esto supón en realidade que estamos intervidos pola Xunta e entende que estas son as consecuencias da reforma local que aprobou o Partido Popular.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O **alcalde accidental** afirma que non sabe do tema e solicita que a secretaria-interventora aclare o tema .

A secretaria -interventora explica que tras realizar a liquidación do ano 2013 ,un dos elementos a analizar e o cumprimento ou non da regra de gasto, o seu incumprimento pon a necesidade de realizar un Plan económico financeiro , pero este segundo establece o IGAE , non debería ter contido xa que os outros factores a analizar son positivos (remanente de tesourería , resultado presupostario , pago a provedores , endeudamento cero , superávit presupostario) . A situación financeiro a presupostaria do concello de Cerdido é boa . A normativa é moi actual polo que esta sen desenvolver doutrinalmente . O contido do Plan Económico Financiero será a xustificación deste incumprimento da regra do gasto pero sin a necesidade de concretar medidas específicas , xa que na actualidade este incumprimento esta emendado xa que o presuposto do ano 2014 aprobouse cumprindo a regra de gasto e haberá que esperar ao análises do primeiro trimestre do ano 2014 para saber si se cumpre ou non .

9.- Dar conta do informe do cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas en cumprimento do disposto na Lei 15/2010 do 5 de xullo. . Primeiro trimestre do 2014. A secretaria deu lectura o seguinte informe: **I.- NORMATIVA APLICABLE**

-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais

-Real Decreto Lexislativo 3/2011 , do 14 de novembro , polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público .(TRLCSP) modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro de 2013, de medidas de apoio o emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.-

CONSIDERACIÓNS. En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o artigo 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas , ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta recentemente modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro o establecer que : A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á **data de aprobación das certificacións de obra** ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4. **III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS** : Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/01/2014 e 31/03/2014 (primeiro trimestre 2014) obtense a seguinte información:**1 Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre**

Pagos realizados no trimestre	Período pago (días)	medio (PMP)	Período pago (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
				Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
				Número de	Importe total	Número de	Importe total

	pagos		pagos			
Gastos en Bens Correntes e Servizos	14,525	0	100	61,396,20	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	14,525	0	100	61,396,20	0	0
20- Arrendamentos e Canons	5	0	3	1990,68	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	11,8845	0	23	10,378,83	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	15,4712	0	74	48.999,69	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	10	0	1	412,05	0	0
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	10	0	9	412,05		0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	11	0	1	70,83	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0
Total	14,4908		102	61.852,08	0	0


2 Intereses de demora pagados no período: Ningún

Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: **Ningunha**

3 Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

(artigo 4º. 3 Lei 15/2010).

Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Período medio pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados ao final do Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	21,458	0	56	40.139,38	0	
20- Arrendamentos e Canons	0,00	0	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	23,9212	0	11	7,233,83	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	20,9165	0	45	32,905,55	0	0,00



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Total	21,458	0	56	40,139,38	0	0,00

4)**Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses** dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5º. 4 Lei 15/2010): **Ningunha** .III.- CONCLUSIÓN. Estos son os datos que aporta a aplicación informática facilitada pola Deputación da Coruña .É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, propoñendo:Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no artigo 5º. 4 da Lei 15/2010.Cerdido, a vinte e tres de abril de dous mil catorce..O tesoureiro. A secretaria -interventora . Daniel Rodríguez Fraguela Paula Díaz Tie


10.- Mocións de Urgencia

O concelleiro Jairo Orjales Sande presenta as seguintes mocións pola vía de urxencia:

10,1- Moción contra a subida do canon de Sogama , explica a urxencia porque é un tema que non houbo negociación e se esta a aplicar a dia de hoxe . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría rexeitaron incorporala a orde do dia** Catro votos en contra da urxencia dos concelleiros Juan José Ramos Prieto , Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao e a concelleira María José López Lamigueiro, tres a favor da urxencia dos concelleiros Benigno Galego Castro Cándido Eusebio Prieto Lago e Jairo Orjales Sande

10.2 Moción para solicitar a retirada do anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial. Explica a urxencia porque xa se presentou un anteproxecto de lei neste sentido . Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron incorporala a orde do dia . A secretaria da lectura a moción presentada : EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.O Anteproxecto de Lei de reforma do poder xudicial que vén de ser difundido polo Goberno central reforza o proceso recentralizador emprendido polo Partido Popular, ao apostar por unha reestruturación dos órganos xudiciais que non ten en conta a diversa realidade territorial, senón que se inspira nunha uniformización da planta xudicial que irá en detrimento dun servizo de xustiza de proximidade á cidadanía. O sistema

proposto decántase por un modelo provincial, que faría desaparecer todos os partidos xudiciais de ámbito inferior para centralalos en tribunais de instancia provinciais. Así, en liña coa reforma da administración local, o Goberno do Estado español empéñase en reforzar as provincias, cando se trata dunha realidade territorial superada polos cambios demográficos e institucionais nas últimas décadas, para alén de ser un marco territorial e competencial alleo á realidade social e territorial da Galiza. Esta concepción centralista do anteproxecto de lei pon de manifesto, máis unha vez máis, que a capacidade e competencia para deseñar o marco territorial da xustiza na Galiza debера ser transferida ao Goberno galego para poder realizar un deseño adaptado á realidade social, demográfica e territorial da nosa nación. No caso da Galiza podería realizarse consonte o disposto no artigo 20.2º do EAG, tendo en conta, ademais, que a dotación dos medios humanos e materiais para o funcionamento dos órganos xudiciais se afronta cos orzamentos da administración galega. Este anteproxecto de lei xerou alarma entre os/as profesionais do ámbito da xustiza, alcaldías, e na cidadanía en xeral porque o Goberno, lonxe de proceder a deseñar unha actualización das demarcacións xudiciais, para adaptalas ás mudanzas demográficas, o que fai é reducilas a unha única na capital de provincia. De aplicarse unha reforma nesta liña as consecuencias serían moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecemento e inaccesibilidade a un servizo público básico. Lonxe de rectificar, o Goberno español pretende afondar en impedir aínda máis o acceso á xustiza, un proceso que comezou coa implantación de taxas xudiciais regresivas. De ir adiante esta proposta, cidades do tamaño e as características de Vigo, Ferrol ou Santiago de Compostela, así como concellos de dimensións relevantes que son cabeceiras de comarca veríanse privadas de contar cun partido xudicial, o que provocaría un auténtico caos e empeoraría o servizo á cidadanía. A xustiza encareceríase, sería menos accesíbel, e obrigará a cidadanía a continuos traslados a capitais de provincia coas consecuentes perdas de tempo, desembolsos económicos e demais trastornos. O BNG é contrario a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza na Galicia cando é evidente que o camiño non é o da redución de xulgados. De feito, no territorio galego precisaríanse máis xulgados, mesmo unha revisión da demarcación da planta xudicial que teña en conta os cambios demográficos habidos nas últimas décadas para que, ademais de mantérense os xulgados nas cabeceiras de comarca existentes, se implanten sobre todo novos xulgados en cidades e vilas que experimentaron aumentos poboacionais significativos¹ e para se retorcen a onde se detectaren deficiencias. Ao mesmo tempo, este anteproxecto tampouco resolve as disfuncións do actual sistema xudicial e a súa falta de adecuación á nova tipoloxía dos litixios. Por so, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte ACORDO:1. Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle:a) A retirada do Anteproxecto de Lei orgánica do poder xudicial aprobado poio Consello de Ministros que inclúe unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.b) O impulso dunha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e os municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.2. Dirixirse ao Goberno Galego a fin de reclamarlle:a)Que manfeste a súa rotunda oposición á implantación dos tribunais de instancia provinciais, á supresión dos partidos xudiciais nas vilas que son cabeceiras de comarca e que demande do Goberno do Estado español a súa retirada do Anteproxecto de Lei orgánica do poder xudicial.b)Que inicie os trámites para a solicitude, consonte o disposto no artigo 20.2 do EAG, das competencias para demarcación e organización xudicial na Galiza.c)Que se cree un grupo de traballo para a definición dun modelo adecuado ás particularidades sociais, territoriais e demográficas da Galiza que conte con representación dos grupos parlamentares, dos concellos, das organizacións representativas de todos os operadores xudiciais que sirva como base para a negociación co Goberno do Estado español e que, cando menos, teña en conta os seguintes criterios:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

o respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía, todo iso con base nun modelo xudicial flexíbel, con criterios de funcionalidade e non orgánicos. Cerdido, 25 de abril de 2014. Asdo. Jairo Orjales Sande. Concelleiro do BNG de Cerdido.
Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a moción anterior .

O concelleiro Jairo Orjales Sande explica que con esta proposta de reorganización do poder xudicial trátase de darlle outro golpe a Administración de Xustiza , que empezou xa coa imposición das taxas xudiciais , con esta proposta trasladarase todo a Coruña o que suporá moitos perxuízos para os veciños de Cerdido

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que esta dacordo coa moción e que o PSOE de Cerdido instou a presentación dunha pregunta sobre este tema no Parlamento de Galicia .

10.3 Moción gratuidade libros de texto. O concelleiro Jairo Orjales Sande explica a urxencia porque a programación do vindeiro curso escolar esta realizándose nestes momentos . Os membros do Pleno , en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes prestaron aprobación a incorporación da moción a orde do día . A secretaria deu lectura a moción presentada .EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 10, 30 e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará o estudantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanza mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade. A CONFEDERACION ANPAS GALEGAS defende que non é un problema de prioridades das familias, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito. Como denuncia un recente informe do defensor del Pueblo,(“o Defensor del Pueblo entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posible o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo”) o curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto, que pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas.

Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma pasou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica. O dereito fundamental á educación esixe que se dean conxuntamente determinadas condicións -boa parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación. Entendemos que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de

texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posible o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo. Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: ((A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuíta". ACORDO. Por tanto pedimos a este Concello que esixa a Xunta de Galiza: 1. A volta ao sistema de préstamo universal. 2. Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público. 3. Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo. 4. Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE. Cerdido, 25 de abril de 2014. Asdo. Jairo Orjales Sande. Concelleiro do BNG de Cerdido. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a moción anterior, Cinco votos a favor dos concelleiros Faustino Cebreiro Paz, María José López Lamigueiro, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago e Jairo Orjales Sande e dous votos en contra dos concelleiros Juan Jose Ramos Prieto e José Esmorís Aldao.


O concelleiro Jairo Orjales Sande afirma que a educación obrigatoria debe ser gratuíta en tódolos aspectos. A determinación dunha nota mínima na universidade para optar o sistema de bolsas non é xusto porque todos sabemos que para a xente de menos recursos é mais complicado sacar boas notas, xa que nalgúns casos é necesario ir a clases particulares que non todo o mundo as pode costear. En canto o tema do fracaso escolar non so é un tema de capacidade dos alumnos senón que tamén o propio sistema ten relación xa que quitar profesores de apoio e non dan todos os recursos que son necesarios.

O concelleiro José Esmorís Aldao afirma que os libros de texto gratuítos deben ser para aqueles nenos que o precisan, pero non para todos e afirma que si estamos a cola do fracaso escolar é porque unha lei do goberno de Felipe González ideou este sistema educativo e estos son os resultados

11.- Rogos e Preguntas

O concelleiro Benigno Galego Castro fai as seguintes preguntas e rogos a alcaldía.

- 1.- En que trámite está o expediente do camiño dos Casás e solicita que se lle entregue o informe da arquitecta. O alcalde explica que esta en tramite de audiencia a interesada.
- 2.- Existen uns sacos na pista do Carballal que impiden o paso. O alcalde afirma que a dia de hoxe non están e que se puxeran alí para que non pasaran vehículos, despois de amañala.
- 3.- Solicita que se lle facilite o informes sobre porque o alquitrán fai medrar as hebras.
- 4.- Solicita información sobre un camiño que querían amañar os veciños nas Mestas e roga a alcaldía que se utilicen o remanente par darlle servizo de auga a veciños nas Mestas. O alcalde afirma que se esta mirando.
- 5.- Roga a alcaldía que se medie para que non se xunten, como andan a dicir, no colexio as aulas quedando unicamente primeiro – segundo e terceiro e por outra banda cuarto quinto e sexto. O alcalde afirma que non sabe nada e que intentará que non se realice este agrupamento.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O concelleiro Jairo Orjales Sande realiza as seguintes preguntas e rogos :

1.- Solicita que dende o Concello de Cerdido se defenda o colexio público da Barqueira e que non sigan reducindo unidades .

1.-Cal é a situación da piscina de O casto ? pretendese privatizar a xestión ? O alcalde afirma que esta aberta e que non hai intención de privatizar a piscina .

2.-Solicita que se vexile as empresas contratistas do concello para que xestionen adecuadamente os residuos producidos nas obras .

O concelleiro Cándido Prieto Lago . Realiza as seguintes preguntas :

1.- O valado do colexio esta deteriorado así como a pista que circunvala o colexio , vaise facer algo . A alcalde afirma que ser tratar de amañar

2.- Reunión de traballo de varios alcaldes da comarca para buscar alternativas a sogama , Cerdido participa? O alcalde afirma que Ana foi a algunha reunión .

3-Sábese canto vai a repercutir o incremento do prezo de Sogama a este concello ? O alcalde afirma que será pouco .

4- Na estrada da fraga dos casas , hai dous vertedeiros con moitas rodas , e tamén houbo materias de obras municipais vanse recoller ? O alcalde afirma que se retirarán, e que o material botado despois de amañar a pista , xa foi retirado pola empresa contratista ,

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do día trinta de abril de 2014. Do que eu como secretaria dou fe :

A secretaria

O alcalde en función

Paula Díaz Tie

Juan José Ramos Prieto